



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E  
PRIMARIA A MAÍA  
15000107

Plan Anual de Lectura.  
2024\_25

# PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2024-2025



CEIP A MAIA

Bertamiráns- Ames



**Biblioteca Agustín  
Fernández Paz**

## 1. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE LECTURA

Son os que se contemplan no Plan de Lectura:

- Fomentar o hábito lector.
- Desenvolver a competencia lectora.
- Desenvolver a competencia en comunicación oral.
- Desenvolver a competencia en comunicación escrita.
- Adquirir estratexias no uso, tratamento e na produción da información.
- Apoiar o desenvolvemento das competencias clave.
- Favorecer a inclusión a través de actuacións que teñan en conta a diversidade de todo o alumnado, en especial no que ten que ver coa accesibilidade dos recursos e os equipamentos; e nas actividades propostas.
- Fomentar a creatividade e o traballo colaborativo.
- Desenvolver a educación literaria.

Para o logro destes obxectivos as accións contempladas en este plan irán encamiñadas a que a biblioteca se converta nun **centro de recursos** e nun **espazo de lecer e de aprendizaxe**.

O Equipo da Biblioteca (EB) será o dinamizador deste plan, coa colaboración de todo o profesorado e a participación das familias.

## 2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.

- Promover accións que posibiliten que o alumnado avance na súa competencia lectora.
- Promover actividades que posibiliten a expresión oral e escrita nas distintas linguas empregadas na educación do alumnado.
- Contribuír á educación literaria do alumnado seleccionando para a nosa biblioteca obras de calidade, procurando que exista un equilibrio entre as obras dos distintos xéneros e en distintas linguas empregadas na educación do alumnado.
- Continuar coas labores de catalogación dos fondos adquiridos no curso pasado e seguir fornecendo á biblioteca de centro de diversidade de lecturas.
- Promover o empréstimo de libros da biblioteca entre o alumnado e levar a cabo o empréstimo e devolución dos mesmos durante o tempo de recreo.
- Formar aos novos usuarios, ao alumnado axudante de biblioteca e ao profesorado do centro, en especial no uso de Koha e no empréstimo de libros.

- Solicitar a incorporación da radio escolar, integrado dentro do PLAMBE. De resultar o noso centro seleccionado, impulsar a súa posta en funcionamento.
- Coordinar o Proxecto Documental Integrado (PDI) en torno á radio durante o curso escolar 2024-2025.
- Desenvolver actuacións concretas que garantan unha maior accesibilidade de todo o alumnado ás actividades e recursos dispoñibles na biblioteca.
- Implicar ás familias en actividades relacionadas coa biblioteca.

### 3. ESPAZOS E TEMPOS DE LECTURA

#### ➤ **Biblioteca**

A biblioteca abrírase a todo o centro desde o 1 de outubro, sendo posible o seu uso durante o recreo como espazo de lectura e goce persoal. Tamén será posible o préstamo de libros durante este tempo, así como o uso de xogos educativos (un día específico para cada nivel educativo). Contaremos alumnado colaborador na biblioteca, sendo este do último curso de primaria.

Así mesmo organizarase un sistema de quendas para que cada aula de primaria teña unha sesión de uso preferente da biblioteca dentro do seu horario lectivo.

O edificio de infantil conta cun espazo de lectura propio.

#### ➤ **Bibliotecas de aula**

Todas as aulas teñen unha pequena biblioteca. A través das titorías, intentaremos que as obras que alí hai sexan o máis actualizadas posible para o cal é necesario realizar o expurgo daquelas que se consideren de pouco valor literario ou desfasadas. Así mesmo, solicitarase ao profesorado que faga o auto-empréstimo en Koha para retirar fondos da biblioteca do centro destinados ás bibliotecas de aula.

#### ➤ **Actividades de dinamización lectora a desenvolver nas aulas ou na propia biblioteca.**

O EB propostas de dinamización lectora para implementar nas aulas ou ben para realizar na propia biblioteca

Unha destas propostas e desenvolver un itinerario lector para todo o centro, con lecturas escollidas pola súa calidade literaria ou o seu interese para o alumnado. Estas obras poden formar parte ou non das colección presentes na biblioteca. En todo caso, a biblioteca intentará sempre que haxa un ou dous volumes a disposición do alumnado para o seu empréstimo. Ao non existir este curso a *Hora de ler*, o profesorado do centro será



quen decida en a súa temporalización desta acción en concreto.

#### 4. PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- Coordinar e colaborar no desenvolvemento do PLAMBE e do Plan Anual de lectura.
- Coordinar e colaborar no desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado do centro.
- Elaborar un programa de actividades de animación a lectura.
- Formar novos usuarios.
- Elaborar propostas para festexar o **Día das bibliotecas escolares**, o **Día da radio** e **Semana do libro**.
- Seleccionar obras e preparar exposicións temporais en torno a conmemoracións que se leven a cabo no centro.
- Realizar o préstamo dos seus fondos.
- Catalogar os fondos pendentes do curso pasado e todos aqueles que se vaian adquirindo ao longo do curso.
- Dinamizar accións para lograr a implicación das familias.
- Difusión das actividades realizadas pola biblioteca a través do seu blog e páxina web do centro.

#### 5. RECURSOS HUMANOS

- Profesorado que forma parte do EB.
- Demais profesorado do centro.
- Familias.
- Autores/as e outros profesionais externos.

#### 6. ITINERARIOS LECTORES PARA ESTE CURSO

##### A. Itinerario lector en Educación Infantil:

O profesorado de educación infantil seleccionará aqueles textos que acaian á temática que se estea a traballar e sempre desde a premisa de aportarlle ao alumnado textos e ilustracións de calidade, con variedade de temáticas, formatos e tipoloxías; ademais de velar pola adecuación ao lector e aos seus intereses.

Nesta etapa educativa iníciase o achegamento á literatura infantil como fonte de gozo

e empézasase a tecer, desde a escoita das primeiras nanas, arrolos e contos no contexto cotián, un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios. É a etapa da literatura oral por excelencia.

A creación na aula dun espazo cálido e acolledor onde situar a biblioteca favorecerá tamén o achegamento natural á literatura, para construír significados, espertar a súa imaxinación e fantasía, achegalos a realidades culturais propias e alleas e presentarlles outros mundos.

Así mesmo, favoreceremos que o alumnado de infantil coñeza e utilice a biblioteca do centro como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso, gozando e compartindo a escoita e a lectura de textos literarios, e para elo, participando en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.

## B. Itinerario lector en Educación Primaria:

1º educación primaria	2º educación primaria
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colección “Miñoa e coello”, “Miñoa e pega”, “Miñoa e ourizo”. Ramón D. Veiga. Editorial Xerais.</li> <li>• Colección Escuela de monstruos: “La mascota más grandota”, “Una idea sobre ruedas”, “Dame helado o me deshago”, “Pedos como truenos”. Sally Pippin. Editorial Montena.</li> <li>• Miquits. Alba de Evan e Xabier Díaz. Antela Editorial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• “Animalario de ler a diario”. Eduard Velasco. Xerais.</li> <li>• “A bruxa Selana”. Alba de Evan e Xabier Domínguez. Cumio</li> <li>• “El fantasma de la casa de al lado (lectura fácil)” Iñaki R. Díaz. SM. Barco de vapor.</li> </ul>
3º educación primaria	4º educación primaria
<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1º trimestre: Coleccións Rimbambini. (contamos coa colección na biblioteca do centro): “El lanzamiento de peso”, “El feroz tigre de Bengala”, “Bombero se nace”.</li> <li>• 2º trimestre: “Retoñito”. María Menéndez Ponte. SM. Barco de vapor. Deberá mercalo o alumnado.</li> <li>• 3º trimestre: “A bruxiña da sorte” (contamos coa colección na biblioteca</li> </ul>	<p>Para fomentar o gusto, a motivación e os hábitos de lectura, vamos a seguir actuando na liña de traballo de cursos anteriores. O alumnado poderá traer ao aula o libro que considere máis oportuno. Pode ser de calquera tipo: cómics,</p>

<p>do centro). Concha Blanco. Oqueleo.</p>	<p>revistas, contos, novelas... desta forma pretendemos fomentar o gusto pola lectura e non obrigar aos menos e nenas a ler algo que non lles apeteza.</p> <p>A medida que transcorra o tempo poden prestarse os libros entre eles, algo que consideramos enormemente enriquecedor xa que supón intercambiar opinións e preferencias lectoras, o que afondará no desenrolo do seu espírito crítico.</p> <p>A medida que transcorra o curso valoraremos a posibilidade de mercar un libro de lectura común en función dos resultados obtidos.</p>
<b>5º educación primaria</b>	<b>6º educación primaria</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• “Orestes perde o sentido”. Rosa Aneiros. XERAIS</li> <li>• “A botella de lentellas”. Leticia Barbadillo. XERAIS</li> <li>• “O Concurso dos Mellors Inventos (e outros increíbles acontecementos)”. Berta Dávila. XERAIS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• “Faísca, a nena neandertal”. de Rosa Aneiros. XERAIS.</li> <li>• “Catro plumas de dinosaurio”. Rosa Aneiros. XERAIS.</li> <li>• “Tres bichicomas, dúas illas e unha serea”. Rosa Aneiros. XERAIS.</li> <li>• “Milú e o edificio das persoas extraordinarias”. Abel Tomé. XERAIS.</li> <li>• “Liliam Strawberry e o paxaro da morte”. Abel Tomé. XERAIS.</li> <li>• “Unha veciña de película”. Iria Misa. XERAIS.</li> </ul>

## 7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZACIÓN.

1) Programa de formación de novos usuarios:

Formación de profesorado de nova	Ao longo das primeiras semanas de
----------------------------------	-----------------------------------

<p>incorporación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar auto-empréstimo ou préstamo ao alumnado e devolución en Koha.</li> <li>- Localización dos fondos nos distintos andeis.</li> <li>- Caixa de devolucíons para os libros devoltos.</li> <li>- Normas de uso da biblioteca.</li> </ul>	<p>setembro e durante todo o curso.</p> <p>Todo o profesorado, á súa vez, é o responsable da formación do seu alumnado no bo uso dos recursos da biblioteca, das súas normas de uso...</p>
<p>Alumnado de 1º de primaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización nos diferentes espazos dos fondos para pre-lectores, revistas, xogos e quendas de uso.</li> <li>- Se lles forma en canto a como realizar o préstamo e a devolución dos libros.</li> <li>- Se lles fai entrega dos seus respectivos carnés de usuario/a.</li> <li>- Normas de uso da biblioteca.</li> </ul>	<p>30 de setembro</p>
<p>Formación de biblioaxudantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Préstamo a outro alumnado e devolución en Koha.</li> <li>- Localización dos fondos nos distintos andéis.</li> <li>- Respetar e facer respetar as normas de uso da biblioteca.</li> </ul>	<p>2ª quincena de setembro</p>

## 2) Actividades de animación lectora:

Ao longo do curso organizaranse actividades internivel coa colaboración das persoas titoras interesadas.

Deseñaremos exposicións temporais de libros relacionados con certas conmemoracións: Así tamén haberá un espazo definido con novidades con volumes de recente adquisición solicitados polo propio o alumnado ou que nos poidan parecer interesantes como lecturas recomendables para as distintas idades.

Buscaremos que haxa visitas de autores e autoras dos libros que formen parte do itinerario lector; ou outros que se consideren interesantes. Tamén buscaremos recibir visitas de persoas

vinculadas co tema do PDI como locutores ou locutoras de radio, visita da radio local, etc.

Promoveremos outras actividades de dinamización que resulten de interese para o alumnado.

3) Dinamización da biblioteca como espazo de lecer e aprendizaxe.

De xeito periódico levaremos actividades para dar a coñecer ao alumnado e profesorado os fondos da biblioteca dispoñibles na sección “Arte, música, deportes, espectáculos” (7), convertendo a biblioteca nun lugar onde escoitar e gozar de música especialmente dirixida a público infantil, organizada en torno a certas temáticas ou estilos musicais.

Así mesmo localizaremos e daremos a coñecer ao profesorado os fondos dispoñibles relacionados co tema do PDI para que as aulas poidan realizar, a partir dos mesmos, traballos de investigación, exposicións orais, etc. Se se nos concede a radio, grabaremos pod-cast cos traballos realizados polo alumnado.

4) Actividades asociadas a conmemoracións:

1º TRIMESTRE	
<b>Día das Bibliotecas escolares</b> 30 de setembro - outubro	<b>Inauguración da biblioteca</b> con presentación e contacontos para o alumnado de 1º de primaria.
	<b>Apertura da biblioteca nos recreos</b> (a partir do 1 de outubro).
	<b>Actividade de presentación do PDI:</b> exposición de radios e dispositivos de reprodución de música de todas as épocas.
2º TRIMESTRE	
<b>Día da radio</b> 13 de febreiro	Elaboración dun pod-cast de radio. Visitas do alumnado ás instalación da radio local “Ames Radio”.
3º TRIMESTRE	
<b>Semana do libro</b> 21 -25 abril	Discoteca na biblio: dar a coñecer diferentes Libro-CDs infantís a través da súa reprodución durante os tempos de recreo.

## J. LER EN FAMILIA

Este curso intentaremos novamente poñer en funcionamento as “mochilas viaxeiras”. Con esta proposta pretendemos implicar ás familias, fomentar o hábito lector e axudar a crear ambiente lector tamén na casa.



Ademais seguiremos solicitando a súa participación voluntaria para a levar a cabo diversas actividades que desenvolvemos cos alumnos/as.

## L. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

Á hora de avaliar o Plan Anual de Lectura, teremos en conta os seguintes ítems para cada unha das etapas:

	<b>Infantil</b>	<b>Primaria</b>
<b>Hábito lector</b>	<p>O alumnado iniciouse no desenvolvemento do hábito lector.</p> <p>Existen tempos para a lectura individual, a lectura de adultos e doutros alumnos aos nenos/as.</p> <p>Adoita a realizarse no horario que mellor se adapte á dinámica da aula.</p>	<p>O alumnado adquiriu o hábito lector.</p> <p>Existen tempos para a lectura individual, a lectura de adultos e doutros alumnos aos nenos/as.</p> <p>Adoita a realizarse no horario que mellor se adapte á dinámica da aula.</p>
<b>Mochilas viaxeiras</b>	<p>O abano de textos empregados é variado e responde ao gusto do alumnado.</p> <p>A participación das familias nas actividades propostas arredor das lecturas é satisfactoria.</p>	<p>O abano de textos empregados é variado e responde ao gusto do alumnado.</p> <p>A participación das familias nas actividades propostas arredor das lecturas é satisfactoria.</p>
<b>Educación literaria</b>	<p>Existe valoración positiva das lecturas realizadas.</p> <p>O banco de libros permite lecturas colectivas que despois anima a por en común distintos puntos de vista.</p> <p>Existe variedade de textos: narrativa, poesía e teatro.</p>	<p>Existe valoración positiva das lecturas realizadas.</p> <p>O banco de libros permite lecturas colectivas que despois anima a por en común distintos puntos de vista.</p> <p>Existe variedade de textos: narrativa, poesía e teatro.</p>
<b>Actividades de animación lectora</b>	<p>Resultaron do interese do alumnado.</p> <p>Cumpriron cos obxectivos cos que foron deseñadas.</p>	<p>Resultaron do interese do alumnado.</p> <p>Cumpriron cos obxectivos cos que foron deseñadas.</p>

<b>Proxecto Documental Integrado</b>	O alumnado fai unha valoración positiva da súa participación.	O alumnado fai unha valoración positiva da súa participación.
<b>Fondos</b>	Hai suficientes exemplares. As lecturas son actuais e responden aos intereses do alumnado. Os libros están en bo estado. Hai equilibrio entre obras escritas nas diferentes linguas de aprendizaxe do alumnado.	Hai suficientes fondos. As lecturas son actuais e responden aos intereses do alumnado. Os libros están en bo estado. Hai equilibrio entre obras escritas nas diferentes linguas de aprendizaxe do alumnado.